

Lugo, 27 de abril de 2020

Queridos alumn@s e familias:

Que tal? Desfrutastes da primeira saída despois de seis semanas? Esperamos que si. Lembraide que hai que ser moi responsables e cumprir todas as indicacións que nos dan para contribuír entre todos a controlar esta pandemia.

Aquí estamos unha semana máis para guiar o voso traballo escolar a distancia. Queremos que sexa un traballo feito por vós, e que non ocupedes aos vosos pais e familia con tarefas escolares. Aproveitade o tempo con eles para outras actividades: ver unha película, axudar a cociñar, ver álbums de fotos antigas, xogar ás cartas, contar historias de cando eran pequenos...

Mandamos variedade de actividades, así que, se alguna cousa non a podeades ou sabedes facer, hai outras coas que non teredes ningún problema. Ademais, todo este traballo que estades facendo poderemos velo na aula, para valorar o voso esforzo, en maio, xuño ou setembro(non sabemos), pero non para avalialo nin poñerlle nota. Así que, tranquilos e moito ánimo.

Esta semana facémosvos as seguintes propostas:

- En Ciencias da Natureza imos co tema das plantas(Tema 6). Mandámosvos un resume do tema e unhas fichas para traballalo. Tamén podeades ver estes vídeos: <https://www.youtube.com/watch?v=ThbSPNIRz0o>
<https://www.youtube.com/watch?v=8ZGrFsGiubM>
- En Ciencias Sociais, tamén vos mandamos un resume dunha parte do tema 6, un vídeo e unhas fichas.

No seguinte enlace tedes un xogo para repasar o tema de “España e os seus habitantes”:

<http://www.superteachertools.com/millionaire/millionaire.php?gamefile=149140>

- En Lengua Castellana vamos a recordar y a repasar todos los determinantes.
- En Galego, toca a actividade de expresión escrita creativa.
- En Matemáticas os proponemos este enlace para repasar de maneira lúdica cualquier contenido del curso: <https://es.ixl.com/math/4-primaria>
- Como o domingo é o día da nai, como actividade plástica, enviámosvos estas ideas: <https://bricolaje10.com/collares-material-reciclado/>

- Tamén vos enviamos de novo os cadernos nunha versión que permite imprimir. Se non tedes impresora na casa, o concello ten un servizo gratuito de fotocopias ao que podeades acudir. Para utilizar o servizo, débense enviar os arquivos a imprimir ao correo seguinte: impresionslugo@gmail.com, xunto cun teléfono de contacto. Unha vez impresos os documentos, eles contactan por teléfono para concertar a data de recollida dos documentos.
- Continuade lendo, para saber, para aprender, para soñar e para viaxar lonxe sen saír da casa.

O enlace onde tedes todo o que precisades para esta semana é o seguinte:

<https://drive.google.com/drive/folders/1F-eLI6DIU1xzF-xVmiVGGUbaYJvdNoyP?usp=sharing>

E xa sabedes que se tedes algunha dúbida, podeades escribirmos á dirección de correo do cole, ou chamar por teléfono.

ceip.sagrado.corazon@edu.xunta.gal

Teléfono: 982 87 04 67

Unha aperta. Moito ánimo. Seguimos en contacto.

Elisa e Maite.